

**ACTO ACADÉMICO INSTITUCIONAL DE CLAUSURA DOS ACTOS DO 50 ANIVERSARIO DA
LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS NA USC E DA FESTIVIDADE DO SAN ALBERTE MAGNO
Aula Magna - Facultade de Matemáticas - 14 de novembro de 2008**

**Esbozo biográfico de ANTONIO VALLE SÁNCHEZ
Gerardo Rodríguez López**

Antonio Valle Sánchez naceu en Málaga o 1 de Decembro de 1930. Licenciouse en Ciencias Matemáticas na Universidade Complutense de Madrid no ano 1959 e doutorouse na mesma Universidade cunha tese titulada “Un problema de control óptimo en ciertas ecuaciones diferenciales de evolución” dirixida polo prof. J.L.Lions (Institut Henri Poincaré. Universidad de Paris).

Vai a ser esta unha semblanza referida a un breve espazo de tempo. Un curto período de seis anos, anos dunha excepcional intensidade que conformaron o futuro de importantes áreas desta Facultade. O profesor Valle incorporouse á Universidade de Santiago de Compostela en febreiro de 1967 ó obter, tras concurso-oposición, a “Cátedra de Análisis Matemático 2º y 3º”. Permaneceu connosco ata setembro de 1973, ano no que se trasladou á Universidade de Sevilla.

Non existía, daquela, ningunha estrutura estable no ámbito das disciplinas da súa incumbencia e, polo tanto, as carencias eran totais en tódolos ordenes (docencia, investigación e instalacións). Comprenderase, pois, que fose contemplada a súa chegada, polos estamentos da Facultade, cunha gran esperanza pero tamén coa prudente incerteza, xerada polo que nos dicía a historia, respecto da futura estabilidade dun profesor recen incorporado. O tempo veu demostrar que co profesor Valle chegou un universitario cargado de xenerosidade, capaz de converter os anos que aquí estivo, en anos de total entrega e dedicación e que so deixou, administrativamente, esta querida Universidade cando viu que os Departamentos por el fundados, tiñan a suficiente autonomía.

Rodeouse dun grupo de colaboradores cargados de ilusión, hai que dicilo, pero que eran, naturalmente, portadores da problemática da súa formación. E así, Valle tivo inicialmente que afrontar case que en solitario tanto as tarefas docentes a nivel de licenciatura como a formación daqueles incipientes profesores.

No primeiro ano de permanencia en Santiago impartiu persoalmente a docencia de tódalas materias de Análise Matemática (2º,3º,4º e 5º) amén de Matemáticas dalgúns centros que o solicitaron. O Profesor Valle que era un excepcional docente nas aulas, onde impartía unhas admirables clases foi tamén un gran mestre para os seus colaboradores ós que, co seu exemplo, lles inculcaba cada día as ideas do rigor e da responsabilidade.

Esta total dedicación no plano docente non lle impediu sacar forzas e tempo para enfocar as que serían liñas básicas da investigación do departamento en torno á Teoría do Control e dos Sistemas Dinámicos. E quero destacar aquí a súa constante preocupación polo establecemento de relacións científicas con centros de prestixio así como da mobilidade do persoal investigador en momentos nos que tales prácticas non eran habituais.

Organizáronse na Facultade cursos e ciclos de conferencias importantes e os membros do Departamento foron relacionados con investigadores de universidades como Milán, Florencia, Burdeos e París, Imperial College e INRIA; En relación con este centro

(daquela IRIA) procede recordar que o seu presidente Jacques Louis Lions, director da súa tese de doutoramento, é doutor “Honoris Causa” pola Universidade de Santiago de Compostela. O profesor Valle dirixiu 18 teses das que 10 foron lidas nesta Facultade e 9 corresponden a profesores dela.

En definitiva pódese dicir que sen dúbida nel está a base das actuais áreas de Análise Matemática e Matemática Aplicada.
Nesta Universidade foi:

Director dos Departamentos de Ecuacións Funcionais e Teoría de Funcións .
Vicedecano e Decano da Facultade de Ciencias.
Presidente do Padroado do Centro de Cálculo.
Ademais, promotor da Sociedade Española de Matemática Aplicada (SEMA) e primeiro presidente da mesma.

Foille concedida a “Insignia de Ouro” da Universidade de Santiago de Compostela e foi condecorado, polo goberno francés, en atención á súa decisiva actividade a prol do establecemento de relacións científicas entre Francia e España como “Chevalier de L’Ordre National du Mérite.”